



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

**19 de novembro**  
**Día Internacional da Muller Emprendedora**



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



**cel**

Confederación de  
Empresarios de Lugo

**CEO**



Confederación  
empresarial de  
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA  
DE GALICIA**



MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL  
**SEPE**

## Día Internacional da Muller Emprendedora

A Organización de Nacións Unidas aprobou, en 1948, a declaración que reafirma que todas as persoas teñen dereito á liberdade, a igualdade e a dignidade, sen distinción polo seu sexo, raza, idioma, relixión ou calquera outra condición.

En 1975 a súa Asemblea Xeral declarou o ano Internacional da Muller. Finalmente, en 2014, o Consello de Nacións Unidas estableceu o 19 de novembro como o “*Día Internacional da Muller Emprendedora*”.

Obxectivo: recoñecer o valor e o esforzo das mulleres emprendedoras e sensibilizar á sociedade sobre as dificultades e obstáculos que aínda existen (especialmente para elas) a nivel financeiro e empresarial á hora de emprender. Polo tanto, a finalidade desta conmemoración anual non é outra que seguir traballando polo apoderamento feminino a nivel mundial, visibilizar á muller e, por suposto, erradicar a desigualdade de xénero, fundamentalmente a nivel salarial e económico en moitas partes do mundo.

En España xa sabemos que o colectivo feminino está preparado para achegar valor, e que o seu talento non é diferente do masculino, polo que pode ter e conseguir os mesmos salarios e logros que os homes. Concretamente en Galicia, de acordo co *Informe Global Entrepreneurship Monitor Galicia 2022-2023*, facendo unha análise da Taxa de Actividades Emprendedoras por sexo, faise patente un aspecto imparabile no emprendemento galego: o crecemento das iniciativas das mulleres. As emprendedoras ven máis oportunidades que os seus conxéneres masculinos, e cando emprenden fano, en maior medida que eles, para marcar unha diferenza no mundo e conceden menos importancia á xeración dun nivel de renda alta.

Pero aínda é necesario romper definitivamente cos prexuízos sociais sobre as capacidades das mulleres para ocupar postos de Dirección e responsabilidade, e, por suposto para dirixir negocios e fundar a súa propia empresa. No sector que desexe.

O emprendemento feminino nas últimas décadas foi moi positivo para a sociedade. Representa unha gran achega na xeración de ingresos, ademais de darlle á muller un maior apoderamento nun mundo onde os homes seguen tendo maiores oportunidades.

Sigamos apoiando ás mulleres que queiran emprender, dende todos os ámbitos, e, en particular, desde o empresarial. Lograr a igualdade será positivo para elas, pero tamén para a sociedade no seu conxunto.

Para todas as valentes que lograron superar todas as barreiras para crear o seu negocio:

**Feliz Día da Muller Emprendedora!**